



**Astº: Certificado do decreto da Presidencia de aprobación  
Refª: Liquidación do Orzamento de 2012**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que, o día vinte e sete de febreiro de dous mil trece (27.02.2013), a Ilmta. Presidencia desta Entidade, adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<< Sendo presidente do Consorcio >> ... << a citada Autoridade, dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente tramitado para a aprobación da Liquidación do Orzamento de 2012 incoado mediante resolución desta Presidencia do día 25 de febreiro de 2013.

CONSIDERANDO, que do informe da Secretaría emitido nesa mesma data, se desprende que en atención ao disposto polos arts. 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e, 90.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril que a desenvolve parcialmente, así como en relación co parágrafo 20 do art. 14º dos Estatutos do Consorcio, corresponde á Presidencia a aprobación da Liquidación do Orzamento da Entidade.

RESULTANDO, que de conformidade co disposto polo citado apartado 3 do artigo 191 do citado Texto refundido, está emitido na data do presente, o preceptivo e previo informe da Intervención, onde se analizan os extremos que á vista da Liquidación practicada se deducen.

RESULTANDO, que así mesmo, e en atención ao establecido polo Regulamento Xeral da (derrogada) Lei de Estabilidade Orzamentaria, consta así mesmo, engadido ao expediente, o preceptivo informe da Intervención sobre canto se deduce da dita liquidación en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

RESULTANDO, que por mor da consideración deste Consorcio como unha unidade institucional pública de non mercado adscrita sectorialmente á Excma. Deputación Provincial da Coruña, aos efectos do disposto no citado regulamento aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e en relación coa Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e demais disposicións de concordancia, deberá remitirse á Entidade provincial a liquidación practicada ao Orzamento de 2012, a fin da consolidación que proceda.

RESULTANDO, que constan cantos documentos, antecedentes e informes son precisos para que a Presidencia poida adoptar a resolución que legalmente ten atribuída aos efectos de dita Liquidación.

VISTOS, en consecuencia, os antecedentes, disposicións legais e regulamentarias de aplicación, así como a documentación e os informes citados, no uso da atribución conferida polo citado apartado 3 do artigo 191 do devandito Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, mediante o presente,

**RESOLVO :**

**1º.** Aprobar o expediente e documentación que o integra, referente á Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, correspondente ao exercicio de 2012 e consecuentemente, aprobar a Liquidación practicada ao referido Orzamento de 2012.

**2º.** Declarar, así mesmo, que segundo se desprende desa Liquidación resulta:

- ✓ Un **Remanente de Tesourería total**, por importe de **3.758.376,83€**,
- ✓ Un **exceso de financiamento afectado** (Gastos con Financiamento Afectado) por importe de **740.000,00€**, e
- ✓ Un **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais** por importe de **3.018.376,83€**

podendo servir, a última das magnitudes citadas, para o autofinanciamento, en caso de necesidade, mediante a súa incorporación nas modificacións de crédito correspondentes ou ben para cambios de financiamento ou diminución das achegas das Entidades consorciadas, no presente exercicio de 2011.

2/2





**3º.** Declarar, tamén, que dos documentos que forman parte da Liquidación aprobada, se desprenden, entre outras, as magnitudes seguintes a 31 de decembro de 2012:

Dereitos pendentes de Cobro Orzamento corrente de 2012, orzamentarios .....	573.841,89
Acredores Pendentes de Pago Orzamento corrente de 2012, orzamentarios .....	923.622,47
Fondos Líquidos en Tesourería a 31.12.2012 .....	3.597.338,42
Dereitos pendentes de Cobro de Orzamentos pechados .....	0,00
Acredores pendentes de Pago Orzamentos pechados.....	0,00

**4º.** Declarar, que existen uns dereitos recoñecidos netos, totais, en favor do Consorcio, por importe de 9.083.563,18€ e, unhas obrigas recoñecidas netas a cargo do Consorcio, por importe de 8.331.455,64€, ambos, de carácter orzamentario contía na que está incluídas as modificacións de crédito realizadas durante o exercicio (de incorporación de remanentes de crédito e financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais), do que, finalmente, despréndese un resultado orzamentario axustado, de carácter positivo, polo importe de 752.107,54€.

**5º.** De conformidade co disposto polo apartado 4 do art. 193 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, da presente aprobación e do propio expediente da que trae causa, darase conta ao Pleno do Consorcio na vindeira sesión que este celebre.

**6º.** Que a salvo do que en todo caso poida establecer o Goberno respecto da habilitación contida na Disposición adicional septuaxésimocuarta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 en relación co art. 32 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, do informe da Intervención respecto do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, dedúcese que esta Entidade non se atopa en desequilibrio orzamentario e necesidade de financiamento aos efectos desa Lei e, especialmente, do Regulamento aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, deducíndose tanto unha capacidade positiva de financiamento como un superávit non financeiro no exercicio, polo que, e respecto deste último atenderase á recomendación da Intervención que figura no indicado informe.

**7º.** Remitir copias da liquidación practicada as Administracións públicas que corresponda, en especial á Excm. Deputación provincial da Coruña e á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais aos efectos do cumprimento do disposto no Regulamento de desenvolvemento da (derrogada) Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria o da vixente Lei Orgánica 2/2012.

**8º.** Emitir certificación do presente para a súa unión co expediente de orixe.

Rematado o obxecto do presente acto, préstase lectura da resolución que precede, que é aprobada neste mesmo momento pola Autoridade que a ditou, que asina a continuación como proba de conformidade ante a fedataria pública que de todo certifica.>>

E para que así conste e na unión co expediente de referencia xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a vinte e sete de febreiro de dous mil trece.

**V.º e Pr.**  
**O presidente,**



Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

